



## **A presidenta do Parlamento convoca aos portavoces dos grupos políticos para abordar os últimos feitos rexistrados na Cámara**

- **Pilar Rojo ofrece man tendida para o diálogo, pero reitera a súa obriga de defender o Estado de Dereito e o normal funcionamento da Cámara**

**Santiago, 31 de xaneiro de 2013.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, convocou aos portavoces dos catro grupos políticos representados na Cámara a unha reunión que se celebrará mañá no seu despacho para abordar os “graves” feitos rexistrados na institución, especialmente no último Pleno, cando varios deputados forzaron o acceso dun grupo de persoas á tribuna de público, a pesar da prohibición ditada.

Pilar Rojo explicou esta mañá que, como dixera no Pleno, está aberta ao diálogo “como sempre o estiven”, ao tempo que agarda que os grupos acudan con “vontade de diálogo e acordo para evitar que feitos como os que teñen acontecido se volvan repetir no Parlamento de Galicia”.

### **Obriga de defender o Estado de Dereito**

Ese espírito de “man tendida permanente” vai acompañado, segundo a presidenta da Cámara, da súa obriga de “defender o Estado de Dereito, porque niso consiste a democracia; defender e garantir o normal funcionamento da Cámara; garantir que os deputados e as deputadas podan exercer o seu traballo en liberdade e sen presións de ningún tipo”.



## **Inviolabilidade do Parlamento**

Rojo Noguera reiterou a súa defensa da “inviolabilidade do Parlamento e as normas constitucionais e estatutarias que todos nos temos dado”.

A presidenta da Cámara instou aos grupos a recapacitar sobre o sucedido, dado que os feitos rexistrados no Pleno “fraco favor lle fan ao Parlamento de Galicia e á democracia parlamentaria”.

Sobre outras posibles decisións, Pilar Rojo sinalou que é necesario analizar todos os informes porque entende que “as decisións nunca se deben tomar sen ter todos os datos e sen facer as reflexións oportunas”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia